

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Dereito: Dereito mercantil				
Materia	Dereito: Dereito mercantil			
Código	V03G100V01201			
Titulación	Grao en Economía			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	Torres Pérez, Francisco José			
Profesorado	Aldavero Mora, María de la Paz Torres Pérez, Francisco José			
Correo-e	ftorres@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	A finalidade desta asignatura é acadar un coñecemento xeral sobre a función actual do Dereito Mercantil centrándose no seguinte: Cómo se adquire a condición de empresario e qué implicacións ten a nivel de responsabilidade? Qué tipos de formas sociais existen? Qué contratos utilizan habitualmente os empresarios no mercado? Qué papel xogan os títulos valores (cheques, letras de cambio etc.) na actualidade? Qué regulación existe para as situacións de insolvencia?			

Competencias	
Código	
C3	Coñecer o marco institucional da economía
C7	Comprender o entorno empresarial
C12	Avaliar, utilizando técnicas empíricas, as consecuencias de distintas alternativas de acción e seleccionar as máis idóneas
D2	Capacidade de traballar en equipo
D4	Responsabilidade e capacidade de asumir compromisos
D5	Habilidades para argumentar de forma coherente e intelixible, tanto orais como escritas
D7	Fomentar a actitude crítica e autocrítica

Resultados de aprendizaxe		
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Identificar os suxetos que teñen a consideración de empresario a fin de poder determinar quén é responsable, frente a terceiras persoas, das actuacións que se realicen no mercado.	C3 C7	
Coñecer as particularidades e rasgos propios dos distintos tipos de sociedades mercantís.	C7	
Coñecer os dereitos e obrigas do empresario na súa actuación no mercado.	C7	
Comprender a regulación xurídica da actividade dos empresarios no mercado, de xeito que se poida avaliar de forma básica o marco legal no que se desenvolve unha actividade empresarial.	C7 C12	D7
Determinar qué norma é aplicable ao caso concreto, para poder resolver problemas prácticos derivados da actuación da empresa no mercado.	C7	D2 D4
Resolver de forma razoada os problemas xurídicos plantexados.	C7	D2 D5 D7

Elaborar informes de carácter xurídico-económico e realizar a súa presentación.	C3 C7	D2 D4 D5 D7

Contidos	
Tema	
Módulo I.- ESTATUTO XURÍDICO DO EMPRESARIO	1. CONCEPTO E CARACTERES XERAIS DO DEREITO MERCANTIL 2. O EMPRESARIO E OS SEUS COLABORADORES 3. NOCIONS SOBRE O REXISTRO MERCANTIL E A CONTABILIDADE DO EMPRESARIO 4. ELEMENTOS MATERIAIS DA ORGANIZACIÓN EMPRESARIAL 5. O DEREITO DA COMPETENCIA E A PROPIEDADE INDUSTRIAL
Módulo II.- DEREITO DE SOCIEDADES	6. NOCIONS XERAIS SOBRE AS SOCIEDADES MERCANTILES 7. A SOCIEDADE ANÓNIMA I 8. A SOCIEDADE ANÓNIMA II 9. A SOCIEDADE ANÓNIMA III 10. A SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA I 11. A SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA II 12. AS SOCIEDADES COOPERATIVAS
Módulo III.- INSTRUMENTOS DE PAGO E DE CRÉDITO.	13. TEORÍA XERAL DOS TÍTULOS VALORES 14. A LETRA DE CAMBIO. DECLARACIÓNS CAMBIARIAS: ACEPTACION, ENDOSO E AVAL DA LETRA DE CAMBIO 15. CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIONS CAMBIARIAS. O VENCIMIENTO DA LETRA 16. O CHEQUE E O PAGARE
Módulo IV.- CONTRATACIÓN MERCANTIL	17. AS OBRIGACIÓNS E OS CONTRATOS MERCANTIS. 18. CONTRATOS DE COLABORACIÓN 19. CONTRATO DE COMPRAVENDA MERCANTIL E CONTRATO DE TRANSPORTE 20.- CONTRATOS NO MERCADOS DE VALORES E CONTRATOS BANCARIOS 21.- CONTRATO DE SEGURO
Módulo V.- DEREITO CONCURSAL	22- NOCIÓNS DE DEREITO CONCURSAL

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	10	0	10
Seminario	5	25	30
Lección maxistral	36	35	71
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	38	39

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Prácticas de laboratorio	- Presentación de liñas básicas do tema a estudar polo docente. - Intervención dos alumnos. - Dúbidas e debate. - Conclusións e recollida das prácticas. - Entrega de actividade de seminario cando proceda.
Seminario	- Presentación de conclusións e informe polo alumanado. - Recepción de infome e valoración polo docente.
Lección maxistral	- Esquema e documentación na Plataforma docente: tres días antes da clase. Conterá os obxectivos e bibliografía específica. - Explicación dos epígrafes seguindo un esquema de presentación. - Conclusións. - Presentación de dúbidas. - Presentación e reparto da clase práctica cando proceda.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	No horario de titorías atendendo individualizadamente ao alumnado que teña dúbidas sobre a materia explicada nas sesións teóricas.
Prácticas de laboratorio	Na propia sesión de prácticas atendendo individualizadamente aos diversos grupos de traballo.

Seminario	No horario de titorías atendendo individualizadamente ao alumnado que teña dúbidas ou cuestión sobre os seminarios.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	6 prácticas puntuables entre as 8 que se van facer. Cada una puntará 0.25 puntos sobre o total da nota. Máxima nota por este concepto: 1.5 puntos. Valoración da participación activa nas sesión de prácticas. Ata un máximo de 0.25 puntos sobre o total da nota da asignatura.	17.5	D5
Seminario	Plantearase 1 actividade de seminario ao longo do cuatrimestre a realizar en grupo. Ditas actividades deberán ser entregadas por escrito e presentadas oralmente. Puntuará, como máximo, 2 punto sobre o total da nota.	20	D4 D5
Lección maxistral	Valoración de participación nas sesións maxistraís a efectos de complementar a nota por avaliación continua. Ata un máximo de 0.25 puntos sobre o total da nota da asignatura.	2.5	D5 D7
Exame de preguntas de desenvolvemento	1 examen final cun valor de 6 puntos sobre o total da nota	60	D4 D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

1.- As notas da avaliación continua obtidas nas prácticas de laboratorio, seminario e participación gárdanse ata a convocatoria de xullo. Para os estudantes que así o soliciten respectaranse as do curso anterior.

2.- Para que o exame faga media será necesario acadar unha nota superior a 2 puntos.

3.- O alumnado que non participe en ningunha actividade da avaliacion contínua será avaliado sobre 10 puntos nun exame final de carácter teórico e practico. Do mesmo modo será avaliado o alumnado que participe nunha convocatoria de fin de carreira que non corresponda ao curso inmediatamente seguinte no que teña cursado esta materia.

4.- Alternativamente ao sistema de avaliación continua, o estudantado poderá optar a ser avaliado cun exame final que suporá o 100% da cualificación. Na convocatoria de fin de carreira, o exame suporá o 100% da cualificación.

5.- Datas dos exames: consultar páxina web da Facultade: http://fccee.uvigo.es

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Sánchez Calero, Fernando, **Principios de Derecho Mercantil (BIBLIOGRAFÍA BÁSICA)**, última edición,
Jiménez Sánchez, Guillermo (coord.)., **Lecciones de Derecho Mercantil (BIBLIOGRAFÍA BÁSICA)**, última edición,

Bibliografía Complementaria

Broseta Pont-Martínez Sanz, **Manual de Derecho Mercantil**, última edición,
Westlaw-Aranzadi, **Base de datos jurídica**,
Tirant On Line, **Base de datos jurídica**,
Códigos BOE Derecho Mercantil, **https://www.boe.es/biblioteca_juridica/index.php?tipo=C**,
Noticias Juídicas, **http://noticias.juridicas.com/**,
Guías Jurídicas Wolters Kluver, **https://guiasjuridicas.wolterskluwer.es/Content/Inicio.aspx**,

Recomendacións

Outros comentarios

1.- A materia Dereito Mercantil desta titulación non precisa de coñecementos xurídicos previos. De todas formas, a primeira das sesións prácticas adicarase íntegramente ao estudo dos diferentes tipos de normas e a facilitar información sobre bases de datos de carácter xurídico onde poder buscar a lexislación vixente e actualizada.

2.- Aínda que o idioma seleccionado para a elaboración da guía docente e do material repartido ao longo do curso sexa o galego, ás clases desenvolveránse en castelán ca finalidade de facilitar a súa comprensión aos estudantes ERASMUS que

queiran cursar esta materia.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

* Metodoloxías docentes que se manteñen
Todas as actividades docentes (leccións maxistrais, prácticas de resolución de exercicios, preparación de traballos) manteranse mediante a utilización combinada da Plataforma docente e Campus Remoto.

* Metodoloxías docentes que se modifican
Non se modificarán as metodoloxías.
* Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías)
A atención personalizada realizarase mediante a utilización combinada da Plataforma docente (foros, corrección comentada de tarefas) e do Campus Remoto (titorías persoais e en grupo) a través do despacho virtual de cada un dos docentes da materia.

* Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir
Non se modificarán os contidos.

* Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe
Para facilitar o acceso online á bibliografía o profesorado ampliou no posible as referencias a recursos electrónicos e dixitalizados.
O alumnado ten á súa disposición todo o material elaborado pola profesora e utilizado nas aulas.

* Outras modificacións
Non se realizarán outras modificacións.

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Consérvanse as probas e porcentaxes de avaliación da materia. Non obstante, no caso de suspensión das clases presenciais e peche do Centro e Bibliotecas da Universidade, o examen final será realizado de xeito virtual utilizando Campus remoto e/ou a Plataforma docente.

* Información adicional
Os exames realizaranse a través das aulas do Campus Remoto e das actividades, ferramentas e recursos da Plataforma docente.
Cando sexa necesario utilizar materiais específicos para realizar as probas, estes poderán proxectarse na aula virtual do Campus Remoto e/ou descargarse a través dunha tarefa na Plataforma docente.
A entrega dos exames realizarase tamén, sempre que sexa posible, a través dunha tarefa na Plataforma docente. De existiren problemas técnicos insalvables, poderanse utilizar como vías alternativas o correo electrónico ou unha fotografía da proba enviada a través dun móbil.